

RELACIÓN DE DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

- FOTOCOPIA COMPULSADA DO DNI E DO NIF OU CIF, CANDO CORRESPONDA, DO/A SOLICITANTE.
- COPIA DA TARXETA DE TRANSPORTE VT-N EN VIGOR A NOME DO/A SOLICITANTE, PARA A QUE SE SOLICITA A AXUDA.
- CERTIFICACIÓN BANCARIA DO NÚMERO DE CONTA.
- MARCA E MODELO DO SISTEMA DE SEGURIDADE ELIXIDO POLO INTERESADO CON FACTURA PRO FORMA DO PROVEDOR.
- CERTIFICADO DE HOMOLOGACIÓN DO SISTEMA DE SEGURIDADE.
- INFORME DE VALIDACIÓN DO SISTEMA GPS EXPEDIDO POLO CENTRO DE ATENCIÓN DE EMERXENCIAS 112 GALICIA; EN CASO DE NON DISPOR DEL EN TAL MOMENTO, DEBERÁ ACHEGARSE CERTIFICACIÓN DE TELO SOLICITADO E QUE ESTEA PENDENTE DE REALIZACIÓN DAS OPORTUNAS PROBAS PREVISTAS NA DISPOSICIÓN ADICIONAL DESTA ORDE.

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

Orde do 2 de xuño de 2008 pola que se resolve a convocatoria de axudas a alumnos e profesores de centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia sostidos con fondos públicos que participen en estadías en empresas de ámbito transnacional, convocada pola Orde do 20 de decembro de 2007.

Mediante a Orde do 20 de decembro de 2007 a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, convocou axudas a alumnos e profesores de centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia sostidos con fondos públicos que participen en estadías en empresas de ámbito transnacional.

Vista a proposta da comisión de selección prevista no punto décimo da citada orde,

RESOLVO:

Primeiro.-Conceder con cargo ao concepto orzamentario 09.03.422M.480.0, as axudas para o alumnado e o profesorado de centros concertados que se relacionan no anexo I, correspondentes á convocatoria 2008, por un importe total de 219.520, euros.

Segundo.-Denegar as axudas que se relacionan no mesmo anexo, polos motivos que se indican.

Terceiro.-Conceder con cargo ao concepto orzamentario 09.03.422M.640.1 as bolsas de estudo e reintegros de gasto por desprazamento para realizar as estadías formativas do profesorado funcionario que se relacionan no anexo II, por un importe máximo de 17.395,20 €.

Cuarto.-Conceder con cargo aos conceptos orzamentarios 09.03.422M.230-09.03.422M.231, as indemnizacións por razóns de servizo para a realización das visitas preparatorias do profesorado funcionario que se relacionan no anexo III, por importes máximos de 32.641,49 €.

Quinto.-Estas axudas, bolsas de estudo e indemnizacións por razón de servizo serán aboadas da seguinte forma:

1. Para as axudas que non superen o importe de 6.000 euros, aboarase un anticipo de pagamento dun 80% da cantidade concedida, logo da aceptación da subvención. O 20% restante librarase unha vez finalizada a actividade e despois da súa completa xustificación económica por parte do centro e entrega da memoria de actividades, xuntando certificación respecto da percepción ou non doutras axudas e subvencións para a mesma finalidade, para os efectos do disposto no artigo 78.4º e) do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

2. Nas axudas que superen a dita cantidade o pagamento realizarase integramente unha vez finalizada e xustificada a actividade.

3. As bolsas de estudo, reintegros de gasto por desprazamento e indemnizacións por razón de servizo serán aboadas unha vez finalizada e xustificada a actividade.

Sexto.-De acordo coa normativa vixente, os beneficiarios quedarán obrigados a:

1. Aceptar a axuda, bolsas de estudo e indemnizacións por razóns de servizo concedidas. Neste sentido, se no prazo de quince días, contados a partir do da recepción da comunicación pola que se notifica a concesión da axuda, o centro beneficiario non a acepta, entenderase que renuncia á súa percepción.

2. Facilitar a información requirida e someterse ás accións de comprobación ou control financeiro que poidan efectuar a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e os organismos competentes.

3. Xustificar o correcto investimento das axudas, bolsas de estudo e indemnizacións recibidas,

mediante a presentación da documentación exixida no punto décimo terceiro da convocatoria.

Quinto.-Contra esta resolución os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de un mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais a ditar as disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de xuño de 2008.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO I Axudas concedidas

Nº CENTRO	AXUDA	PAÍS	INICIO	FIN	SOLICITADA	CONCEDIDA
91 EA E SUP DE DESEÑO RAMÓN FALCÓN	EA APRENDIZAXE DE IDIOMAS E NOVAS TECNOLOXÍAS APLICADA	0 13 MALTA	4-10-2008	26-10-08	19.890,00 €	18.200,00 €
78 IES POLITÉCNICO	EA AVANCES TECNOLÓXICOS NO DESEÑO	0 2 PORTUGAL	14-4-2008	13-6-2008	2.710,00 €	2.470,00 €
45 IES CRUCEIRO BALEARES	EA ESTADÍA EN PORTUGAL	0 2 PORTUGAL	16-6-2008	18-8-2008	3.920,00 €	2.710,00 €
29 EA E SUPERIOR DE DESEÑO	EA CURSOS FLORENCIA	0 15 ITALIA	6-7-2008	20-7-2008	22.875,00 €	18.975,00 €
39 IES CHAN DO MONTE	EA ESTADÍA EN EMPRESAS	0 2 IRLANDA	7-9-2008	26-9-2008	4.868,00 €	2.690,00 €
40 IES CHAN DO MONTE	EA ESTADÍAS FORMATIVAS COMPLEMENTARIAS	0 1 IRLANDA	10-8-2008	28-9-2008	2.434,00 €	2.195,00 €
47 IES DE CURTIS	EA ESTADÍA DUN ALUMNO EN BENELUX	0 11 HOLANDA	10-4-2008	24-4-2008	13.915,00 €	13.915,00 €
3 IES HOSTALARÍA CARLOS OROZA	EA ESTADÍA DE ALUMNOS EN VERSALLES	0 3 FRANCIA	14-4-2008	19-6-2008	10.095,00 €	5.700,00 €
59 IES ISAAC DÍAZ PARDO	EA ESTADÍA COMPLEMENTARIA AO CURRÍCULO ESCOLAR	0 2 PORTUGAL	7-9-2008	21-9-2008	1.380,80 €	1.380,00 €
62 IES ISIDRO PARGA PONDAL	EA ITIEU	0 2 ITALIA	18-5-2008	15-6-2008	3.080,00 €	3.080,00 €
66 IES LUIS SEOANE	EA ILUSEDEN	0 2 ALEMAÑA	11-4-2008	6-6-2008	4.830,00 €	4.390,00 €
67 IES LUIS SEOANE	EA ILUSECOITAL	0 9 ITALIA	8-6-2008	22-6-2008	11.385,00 €	11.385,00 €
69 IES PASEO DAS PONTES	EA SLOW FOOD DEVELOPMENTS	0 2 NORUEGA	4-5-2008	31-5-2008	4.140,00 €	4.140,00 €
70 IES PASEO DAS PONTES	EA ESTADÍA FORMATIVA EN FINLANDIA	0 2 FINLANDIA	4-5-2008	31-5-2008	3.820,00 €	3.300,00 €
71 IES PASEO DAS PONTES	EA ESTADÍA FORMATIVA EN HELSINKI	0 1 FINLANDIA	4-5-2008	31-5-2008	1.910,00 €	1.650,00 €
72 IES PASEO DAS PONTES	EA FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABAJO TÉXTILES	0 2 FINLANDIA	6-9-2008	4-10-2008	3.630,00 €	3.630,00 €
87 IES SAN CLEMENTE	EA PRÁCTICAS EN EMPRESAS	0 1 IRLANDA	7-4-2008	30-5-2008	3.150,00 €	2.195,00 €
89 IES SOFÍA CASANOVA	EA ESTADÍA FORMATIVA DUNHA ALUMNA	0 1 PORTUGAL	1-2-2008	31-3-2008	1.355,00 €	1.235,00 €
31 IES A CARBALLEIRA	EA EFACARIT	0 5 ITALIA	9-6-2008	30-6-2008	7.505,00 €	7.000,00 €
11 COLEXIO DANIEL CASTELAO	EA FCT EN EEUU	0 1 EEUU	6-4-2008	9-6-2008	3.505,26 €	3.040,00 €
42 IES CIDADE DE ANTIOQUIA	EA FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABAJO	0 1 FINLANDIA	7-4-2008	30-5-2008	2.600,00 €	2.360,00 €
43 IES COROSO	EA MAR COROSO A COLINAS DE TOSCANA	0 4 ITALIA	19-5-2008	13-6-2008	6.160,00 €	4.200,00 €
52 IES DE TEIS	EA ERASMUS	0 3 IRLANDA	1-4-2008	20-6-2008	7.965,00 €	7.965,00 €
53 IES DE TEIS	EA ERASMUS	0 3 FRANCIA	1-4-2008	20-6-2008	5.700,00 €	5.700,00 €
54 IES DE TEIS	EA ERASMUS	0 2 IRLANDA	1-4-2008	20-6-2008	5.310,00 €	5.310,00 €
1 IES HOSTALARÍA CARLOS OROZA	EA ESTADÍA NA OET DE BRUXELAS	0 1 BÉLXICA	8-9-2008	09/11/08	3.705,00 €	2.415,00 €
77 IES PASEO DAS PONTES	EA PRÁCTICAS DE PATRONAXE 8	0 2 FRANCIA	6-9-2008	4-10-2008	2.420,00 €	2.420,00 €
6 CIPP FENE	EA ESTADÍA FORMATIVA DE ALUMNOS EN UDINE	0 1 ITALIA	1-7-2008	31-7-2008	2.576,00 €	1.540,00 €
9 CIPP PORTA DA AUGA	EA TECNOEUROPA-RIBADEO 2008	0 5 ALEMAÑA	1-4-2008	30-4-2008	8.250,00 €	7.700,00 €
56 IES FRAGA DO EUME	EA ESTADÍAS FORMATIVAS DE FCT EN FRANCIA	0 4 FRANCIA	14-4-2008	9-5-2008	5.280,00 €	4.400,00 €
33 IES A PINGUELA	EA EUROPING 2008	0 3 IRLANDA	2-4-2008	19-5-2008	5.610,00 €	5.610,00 €
35 IES ARMANDO COTARELO VALLEDOR	EA ESTADÍA DE ALUMNOS EN EMPRESAS	0 1 ITALIA	27-9-2008	10-10-2008	1.850,00 €	1.265,00 €
2 IES HOSTALARÍA CARLOS OROZA	EA ESTADÍA FORMATIVA PARA ALUMNOS	0 2 IRLANDA	15-9-2008	16/11/08	6.190,00 €	5.310,00 €
82 IES RIBEIRA DO LOURO	EA A IMPORTANCIA DAS TIC E AS LINGUAS NA INSERCIÓN LA...	0 11 MALTA	12-4-2008	10-5-2008	16.665,00 €	16.665,00 €
83 IES RIBEIRA DO LOURO	EA DE OCCIDENTE A ORIENTE: GLOBALIZACIÓN E COMERCIO	0 6 CHINA	5-7-2008	30-8-2008	15.080,00 €	15.080,00 €
84 IES RIBEIRA DO LOURO	EA NOVO MERCADO DENTRO DA UNIÓN EUROPEA	0 5 ROMANÍA	29-6-2008	1-8-2008	7.575,00 €	7.575,00 €
55 IES FRAGA DO EUME	EA ESTADÍA FORMATIVA PARA FCT EN GRAN BRETAÑA	0 4 REINO UNIDO	1-10-2008	28-10-2008	6.160,00 €	5.940,00 €
14 COLEXIO DANIEL CASTELAO	EA AS TIC, A LINGUA INGLESA E A INSERCIÓN LABORAL	0 1 IRLANDA	28-6-2008	19-7-2008	4.965,00 €	1.485,00 €
18 COLEXIO DANIEL CASTELAO	EP OS PROGRAMAS EUROPEOS E A FCT	2 0 EEUU	19-7-2008	2-8-2008	3.564,26 €	3.300,00 €

Axudas denegadas

Nº Centro	Axuda
12 Colegio Daniel Castelao	EA Por ter acadado unha puntuación inferior ás propostas para concesión.
13 Colegio Daniel Castelao	EA Por ter acadado unha puntuación inferior ás propostas para concesión.
15 Colegio Daniel Castelao	EA Por ter acadado unha puntuación inferior ás propostas para concesión.
16 Colegio Daniel Castelao	EA Por ter acadado unha puntuación inferior ás propostas para concesión.
24 Escola de Arte Antonio Fafilde	EA Por ter acadado unha puntuación inferior ás propostas para concesión.
61 IES Isidro Parga Pondal	EA Por ter acadado unha puntuación inferior ás propostas para concesión.
19 Escola de Arte Antonio Fafilde	EA Por ter acadado unha puntuación inferior ás propostas para concesión.
20 Escola de Arte Antonio Fafilde	EA Por ter acadado unha puntuación inferior ás propostas para concesión.

Nº Centro	Axuda
21 Escola de Arte Antonio Fafilde	EA Por ter acadado unha puntuación inferior ás propostas para concesión.
23 Escola de Arte Antonio Fafilde	EA Por ter acadado unha puntuación inferior ás propostas para concesión.
26 Escola de Arte Antonio Fafilde	EA Por ter acadado unha puntuación inferior ás propostas para concesión.
22 Escola de Arte Antonio Fafilde	EA Por ter acadado unha puntuación inferior ás propostas para concesión.
36 IES Armando Cotarelo Valledor	EA Por ter acadado unha puntuación inferior ás propostas para concesión.
37 IES Armando Cotarelo Valledor	EA Por ter acadado unha puntuación inferior ás propostas para concesión.
34 IES Armando Cotarelo Valledor	EA Por ter acadado unha puntuación inferior ás propostas para concesión.
25 Escola de Arte Antonio Fafilde	EA Por ter acadado unha puntuación inferior ás propostas para concesión.
94 IES Urbano Lugo	EA Fóra de prazo.

ANEXO II

Estadías formativas do profesorado

CENTRO	CONCELLO	NOME E APELIDOS	ACCIÓN	PAÍS DESTINO	INICIO	FIN	DÍAS MANTENZA	IMPORTE VIAXE	IMPORTE BOLSA (45,05 €)	IMPORTE TOTAL
IES 12 DE OUTUBRO	OURENSE	Mª LOURDES DEL RÍO BALADO	EP	PORTUGAL	5-5-2008	31-5-2008	26	120,00 €	1171,3	1.291,30 €
IES SAN CLEMENTE	SANTIAGO DE C.	CARLOS CARRIÓN ÁLVAREZ	EP	BRASIL	03-5-2008	1-6-2008	29	1.300,00 €	1306,45	2.606,45 €
IES DE CURTIS	CURTIS	EUGENIO CORTÉS GARCÍA	EP	HOLANDA	17-4-2008	24-4-2008	7	600,00 €	315,35	915,35 €
IES ISAAC DÍAZ PARDO	SADA	SUSANA GONZÁLEZ AMADO	EP	PORTUGAL	8-9-2008	20-9-2008	12	111,40 €	540,6	652,00 €
IES DE CURTIS	CURTIS	FCO. JAVIER MARTÍN ALÁEZ	EP	HOLANDA	10-4-2008	17-4-2008	7	600,00 €	315,35	915,35 €
IES LAXEIRO	LALÍN	Mª TERESA MARTÍNEZ PALMERO	EP	FRANCIA	7-5-2008	17-5-2008	10	161,00 €	450,5	611,50 €
IES LUCUS AUGUSTI	LUGO	PEDRO LEIVAS RIELO	EP	ITALIA	22-5-2008	2-6-2008	11	292,00 €	495,55	787,55 €
IES POLITÉCNICO	VIGO	ANTONIO RAMILO MACHADO	EP	PORTUGAL	30-6-2008	13-7-2008	13	90,00 €	585,65	675,65 €
IES POLITÉCNICO	VIGO	FERNANDO COMESAÑA FERNÁNDEZ	EP	PORTUGAL	30-6-2008	13-7-2008	13	90,00 €	585,65	675,65 €
IES RIBEIRA DO LOURO	O PORRIÑO	AMADOR ORDÓÑEZ PUYME	EP	CHINA	5-7-2008	1-8-2008	27	1.360,00 €	1216,35	2.576,35 €
CIFP FENE	FENE	ANDRÉS VILLAR MARTÍNEZ	EP	ITALIA	19-5-2008	25-5-2008	6	400,00 €	270,3	670,30 €
CENTRO FORMACIÓN AGROFORESTAL	BECCERREÁ	ANXO LOIS ALLEGUE FERNÁNDEZ	EP	REINO UNIDO	01-10-08	15-10-08	14	420,00 €	630,7	1.050,70 €
IES DE CURTIS	CURTIS	L. MIGUEL BARREIRO ARES	EP	HOLANDA	10-4-2008	17-4-2008	7	600,00 €	315,35	915,35 €
ESCOLA DE ARTE ANTONIO FAILDE	OURENSE	CÉSAR TABOADA VARELA	EP	INDIA	24-10-08	20-11-08	27	920,00 €	1216,35	2.136,35 €
IES DE CURTIS	CURTIS	TERESITA MARTÍNEZ MEJUTO	EP	HOLANDA	17-4-2008	24-4-2008	7	600,00 €	315,35	915,35 €

ANEXO III

Visitas preparatorias profesorado funcionario

CENTRO	CONCELLO	NOME E APELIDOS	ACCIÓN	PAÍS DESTINO	INICIO	FIN	DÍAS MANTENZA	DÍAS MANTENZA AL COMUNITARI	IMPORTE DÍA MANTEN.	IMPORTE DÍA ALOXAM.	IMPORTE TOTAL MANTENZA E ALOXAM.	IMPORTE VIAXE	IMPORTE TOTAL
ESC. ARTE RAMÓN FALCÓN	LUGO	NATALIA CRECENTE GARCÍA	VP	MALTA	4-7-2008	11-7-2008	7	6	31,85 €	46,28 €	500,63 €	600,00 €	1.100,63 €
IES POLITÉCNICO	VIGO	Mª TERESA PRADO CERQUEIRA	VP	PORTUGAL	14-4-2008	17-4-2008	3	2	43,87 €	97,36 €	326,33 €	350,00 €	676,33 €
CIFP RODOLFO UCHA PIÑEIRO	FERROL	CONSTANTINO GARCÍA ULLA	VP	ROMANÍA	12-4-2008	18-4-2008	6	5	38,46 €	126,81 €	864,81 €	590,00 €	1.454,81 €
IES CRUCEIRO BALEARES	CULLEREDO	JOSÉ L. VÁZQUEZ OTERO	VP	PORTUGAL	18-6-2008	24-6-2008	6	5	43,87 €	97,36 €	750,02 €	280,00 €	1.030,02 €
IES ISIDRO PARGA PONDAL	CARBALLO	IGNACIA GONZÁLEZ YÁÑEZ	VP	ITALIA	28-4-2008	4-5-2008	6	5	63,11 €	131,02 €	1.033,76 €	500,00 €	1.533,76 €
IES LUIS SEOANE	PONTEVEDRA	Mª LUISA GONZÁLEZ AREA	VP	ITALIA	8-6-2008	15-6-2008	7	6	63,11 €	131,02 €	1.227,89 €	450,00 €	1.677,89 €
IES FRAGA DO EUME	PONTEDEUME	XOAN GARCÍA RODRÍGUEZ	VP	FRANCIA	14-4-2008	18-4-2008	4	3	65,51 €	122,61 €	629,87 €	500,00 €	1.129,87 €
IES RIBEIRA DO LOURO	O PORRIÑO	ANTONIO GEADA PARDEIRO	VP	ROMANÍA	7-5-2008	15-5-2008	8	7	38,46 €	126,81 €	1.195,35 €	650,00 €	1.845,35 €
IES SOFÍA CASANOVA	FERROL	Mª LUISA SOUTULLO SIVEIRO	VP	PORTUGAL	5-2-2008	8-2-2008	3	2	43,87 €	97,36 €	326,33 €	230,46 €	556,79 €
CIFP CARLOS OROZA	PONTEVEDRA	Mª JOSÉ LORES BAENA	VP	BÉLXICA	26-5-2008	1-6-2008	6	5	82,94 €	148,45 €	1.239,89 €	440,00 €	1.679,89 €

CENTRO	CONCELLO	NOME E APELIDOS	ACCIÓN	PAÍS DESTINO	INICIO	FIN	DÍAS MANTENZA AUTOMÁTIC	IMPORTE DÍA MANTEN.	IMPORTE DÍA ALOXAM.	IMPORTE TOTAL MANTENZA E ALOXAM.	IMPORTE VIAXE	IMPORTE TOTAL	
IES PASEO DAS PONTES	ACORUÑA	JOSÉ LUIS PEREIRA ROMERO	VP	FINLANDIA	4-5-2008	11-5-2008	7	6	65,51 €	114,79 €	1.147,31 €	600,00 €	1.747,31 €
IES PASEO DAS PONTES	A CORUÑA	ROBERTO BERMEJO GONZÁLEZ	VP	NORUEGA	4-5-2008	10-5-2008	6	5	80,54 €	132,82 €	1.147,34 €	770,00 €	1.917,34 €
IES A CARBALLEIRA	OURENSE	JOSÉ FELIPE IGLESIAS CAÑEDO	VP	ITALIA	24-4-2008	1-5-2008	7	6	63,11 €	131,02 €	1.227,89 €	770,00 €	1.997,89 €
IES FRAGA DO EUME	PONTEDEUME	XOAN GARCÍA RODRÍGUEZ	VP	REINO UNIDO	2-6-2008	8-6-2008	6	5	82,94 €	156,86 €	1.281,94 €	500,00 €	1.781,94 €
CIFP CARLOS OROZA	PONTEVEDRA	FRANCISCO ORGE LORENZO	VP	PORTUGAL	19-5-2008	25-5-2008	6	5	43,87 €	97,36 €	750,02 €	565,00 €	1.315,02 €
IES CHAN DO MONTE	MARÍN	YOLANDA GARCÍA ULLA	VP	IRLANDA	11-5-2008	18-5-2008	7	6	48,08 €	93,16 €	895,52 €	610,00 €	1.505,52 €
IES COROSO	RIBEIRA	J. LUIS LOMBA GONZÁLEZ	VP	ITALIA	19-5-2008	23-5-2008	4	3	63,11 €	131,02 €	645,50 €	600,00 €	1.245,50 €
ESCOLA DE ARTE ANTONIO FAILDE	OURENSE	MANUEL SEOANE FEIJOO	VP	CANADÁ	15-9-2008	23-9-2008	7	6	51,69 €	94,36 €	927,99 €	1.300,00 €	2.227,99 €
IES ARMANDO COTARELO V	V. DE AROUSA	LÚCILA LOUZAO RODRÍGUEZ	VP	REINO UNIDO	29-9-2008	3-10-2008	4	3	82,94 €	156,86 €	802,34 €	500,00 €	1.302,34 €
IES PASEO DAS PONTES	A CORUÑA	JOAQUINA FRETES MONTERO	VP	FRANCIA	6-9-2008	13-9-2008	7	6	65,51 €	122,61 €	1.194,23 €	500,00 €	1.694,23 €
IES PASEO DAS PONTES	A CORUÑA	SANTIAGO RODILLA LABRADOR	VP	FINLANDIA	6-9-2008	13-9-2008	7	6	65,51 €	114,79 €	1.147,31 €	600,00 €	1.747,31 €
CIFP FENE	FENE	JOSÉ LUIS SOUTO OTERO	VP	ITALIA	26-6-2008	2-7-2008	6	5	63,11 €	131,02 €	1.033,76 €	440,00 €	1.473,76 €
IES URBANO LUGRÍS	A CORUÑA	JOSÉ MANUEL SANTOS MARIÑO	VP	FORA DE PRAZO			0	0	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

Orde do 30 de maio de 2008 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións correspondentes a accións de comunicación e divulgación científica e tecnolóxica (Diverciencia) no marco do Programa de comunicación e sensibilización social (CSS) do Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica (Incite), e se procede á súa convocatoria para o ano 2008.

A Lei 12/1993, do 6 de agosto, de fomento da investigación e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia, no seu artigo 1º, establece, como obxectivo xeral, o fomento da investigación científica e a innovación tecnolóxica para promover o desenvolvemento económico, social e produtivo de Galicia. Como unha ferramenta encamiñada ao logro deste obxectivo, a citada lei, no seu capítulo II, crea o Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica. O Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 21 de setembro de 2006 aprobou o Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica 2006-2010 (Incite).

A devandita lei sinala que o plan estará integrado por programas horizontais, xerais e sectoriais. Entre os programas horizontais definidos no Incite, o de comunicación e sensibilización social, no cal se inclúe Diverciencia, ten o propósito de fomentar unha cultura do coñecemento da ciencia e a tecnoloxía que posibilite que o conxunto da sociedade teña unha mellor percepción das actividades de I+D+I e dos resultados que delas derivan. Así mesmo, debe promover a sensibilización social que faga posible un maior recoñecemento das actividades de I+D+I e dos seus resultados na sociedade. Neste contexto, as

actividades de comunicación e divulgación da ciencia que promovan especialmente a participación de colectivos aos cales a ciencia non chega habitualmente, en particular aqueles máis afastados do ámbito da ciencia e da tecnoloxía, ademais dos nenos e os mozos, son elementos centrais deste programa; así como a concienciación da importancia do potencial das mulleres no eido da investigación e das medidas de igualdade que cómpre implantar. Valoraranse aquelas actividades que introduzan medidas para facilitar a participación deses colectivos, por exemplo a realización das actividades en horario non laboral.

Entre os obxectivos específicos do programa CSS, e en concreto os de Diverciencia, están os seguintes:

- Concienciar o conxunto da sociedade galega sobre a importancia da I+D+I no desenvolvemento económico e benestar social de Galicia, fomentando a cultura científica.

- Facer da sociedade galega unha sociedade ben informada no ámbito da ciencia e da tecnoloxía.

- Promover un maior recoñecemento social das actividades de investigación, desenvolvemento e innovación.

- Impulsar o espírito científico e emprendedor e as profesións de científicos e tecnólogos entre as mulleres e os mozos.

- Achegar a todos os niveis da sociedade as actividades de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica executadas e promovidas en Galicia, as actuacións da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación e todas as accións que se poñan en marcha no ámbito do Plan galego de I+D+I 2006-2010 (Incite).